



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE AS FALTAS DE RESPECTO INSTITUCIONAL E A DERIVA DEMAGÓXICA DO GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

O papel dos cargos electos na xestión das entidades locais, esencial para un funcionamento axeitado do sistema democrático, debe ser exercido por todos e todas con sentido da responsabilidade, vontade de servizo á sociedade, transparencia, eficacia, dedicación e respecto ao seu propio cargo e aos representantes dos grupos da corporación.

O Código Europeo de Conduta para a Integridade Política dos Representantes Locais Electos aprobado polo Consello de Europa, avoga pola promoción e aprobación de códigos de conduta para os representantes locais, que cualifica como “instrumentos útiles” para crear confianza entre políticos e cidadáns.

A conferencia de ministros europeos responsables das institucións locais e rexionais, con ocasión da declaración sobre “participación democrática e ética pública a nivel local e rexional”, destacou tamén a relevancia das “boas prácticas” e da “ética pública” dos representantes destes gobernos para, entre outros fins, o impulso do prestixio destas institucións.

Os socialistas consideramos que estes ámbitos son espazos nucleares para un desenvolvemento plural da acción política e dos dereitos fundamentais, xa que teñen o contacto máis directo coa veciñanza. No caso de Ourense debemos apostar pola progresiva mellora da calidade democrática das nosas institucións, actuando sempre baixo os principios de conduta recollidos neses acordos europeos e tamén no código ético desta Deputación. Este documento detalla numerosos “principios de conduta” que deben rexer a vida pública entre os que destacamos:

- A exemplaridade: “ao ser o espello no que se mira a cidadanía, deben eludir calquera acción ou omisión que poida prexudicar nin sequera sexa minimamente a imaxe institucional e minar a confianza da cidadanía na institución”.
- O respecto: “deben tratar á cidadanía, persoal empregado público e demais representantes co respecto debido en todo tempo e lugar. Isto implica non usar termos despectivos; observar os dereitos dos demais; non incorrer en prácticas discriminatorias de ningún tipo; e tratar á xente coa cortesía e recoñecemento dos diferentes roles que cada persoa ten na organización e no proceso de toma de decisión. Ese trato deferente debe proxectarse igualmente sobre os representantes políticos, persoas empregadas, provedores e cidadanía”.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

Por tanto, todas e todos os cargos desta institución deben buscar sempre a defensa do interese xeral, a mellora da vida da veciñanza e o impulso da imaxe da provincia desde o respecto mutuo. Mais dun tempo a esta parte, algúns membros do goberno provincial están sumidos nunha espiral de faltas de respecto institucional e nunha deriva demagóxica que, claramente, está a prexudicar á institución e á provincia.

Recentemente, o executivo presidido por Manuel Baltar foi condenado ata en tres ocasións por empregar os medios informativos institucionais partidistamente e en beneficio propio, co fin de atacar ás formacións políticas da oposición. Ao mesmo tempo, desde o goberno provincial foron impulsadas denuncias que os órganos xurisdicionais competentes están a arquivar sistematicamente, evidenciando que ese carrusel de falsas acusacións é unha estratexia de acoso e derrubamento político contra outras formacións baseada no amedrentamento e na intimidación.

Ao longo dos últimos meses, membros do goberno do PP da Deputación expresaron descualificativos, algúns moi graves, contra representantes da oposición empregando, de xeito sistemático, un ton hostil e vexatorio para referirse a persoas que, simplemente, están a traballar exercendo dereitos como a liberdade de expresión ou de ideoloxía.

Estamos ante un proceder impropio de representantes públicos que parecen buscar a obstaculización da labor de control e fiscalización dos grupos da oposición, mediante o ataque continuado e o desprestixio. As faltas de respecto, o ton despectivo ou os insultos supoñen unha evidente afronta contra o código ético e de conduta desta Deputación Provincial, redactado do “puño e letra” do propio presidente da institución, segundo el mesmo anunciou.

Este código determina que os e as membros da Deputación deben “tratar ás demais persoas sempre e en todo caso co respecto debido e a consideración que requira cada situación” e que “non deben conducir a súa conduta de tal modo que poida prexudicar a imaxe da organización que representa ante a cidadanía ou a afectar á súa reputación institucional”. Tampouco poden “utilizar en ningún caso a súa posición institucional co fin de obter vantaxes para si ou procurar vantaxes ou desvantaxes para calquera outra persoa ou entidade”. Igualmente teñen a obriga dun trato de “respecto máximo entre os integrantes do grupo de goberno provincial e os membros da oposición”.

Caben os insultos reiterados, as denuncias falsas, as descualificacións persoais, o abuso e uso partidista dos medios e canles institucionais ou a faltas de respecto neste código ético? Obviamente non.

Con esas actitudes non só se desprestixia á institución; tamén se desprestixia o nome de Ourense. Esta estratexia de acoso e derribo *espolvoreada* de faltas de respecto, incumpre así mesmo todas as recomendacións de conduta das institucións europeas e o sentido común, prexudicando claramente a “imaxe institucional” e “minando a confianza da cidadanía”. É preciso que a normalidade, o respecto e o prestixio volvan a rexer o día a día desta institución honorable.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense para que se desculpe e proceda á retirada inmediata de todas as expresións, insultos e descualificacións vertidas contra o PSdeG-PSOE e, nomeadamente, contra o seu portavoz.
2. Instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense a que deixe de utilizar de modo partidista e irrespectuoso calquera medio oficial ou canle de difusión institucional.
3. Instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense a que, en todo caso, rexa todas as súas actuacións públicas, dentro e fóra da institución, en base ao estipulado nos códigos de ética, boa conduta, protocolo e elegancia institucional.

En Ourense, 3 de decembro de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE